

## **CIRCULAR INFORMATIVA PARA ALUMNADO DE 1º ESO**

Estimado pai/nai ou titor/a legal:

Como xa saberá, no vindeiro curso implántanse os cambios establecidos na LOMCE soamente nos niveis 1º e 3º de ESO, e 1º de Bacharelato. Dado que o seu fillo/a está cursando 1º de ESO, non se verá afectado por ningún cambio en 2º de ESO.

### **Libros de texto**

Tendo en conta que en 2º de ESO non cambia o currículo das materias, e seguindo a normativa vixente sobre bancos de libros, este ano haberá novamente intercambio de libros de 2º de ESO.

Dado que hai nova normativa ao respecto, este intercambio non se levará a cabo do mesmo xeito que no curso pasado. Agora asignaranse os libros en función da renda e dalgunha outra circunstancia excepcional.


Para poder recibir libros do fondo solidario, cómpre entregar a solicitude na Secretaría do centro ata o 30 de xuño. Pode acceder á información a través do sitio web do centro.

Para recibilos é **imprescindible devolver os libros mercados a través do cheque a principios deste curso**. Esta devolución farase no momento da entrega das notas finais. Ese día, o alumno/a deberá traer todos os libros que mercara co cheque. Á vista das notas, se lle recollerán nese momento os das materias que teña aprobadas. Poderá levar a casa os das materias suspensas, que serán devoltos o día de entrega de notas en setembro.

### **Matrícula**

Recordámoslle que o período de matrícula é do 25 de xuño ao 10 de xullo, ambos os dous incluídos.

O Director,



Asdo.: Íñigo Barreiro García

